



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS DA CORRUPCIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019


REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense, actuando en nome e representación da mesma no uso das facultades que ten atribuídas polo artigo 105, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Doutra parte, D. José Antonio Redondo López, na súa calidade de conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, actuando en nome e representación deste en virtude das atribucións que lle confire o artigo 8 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, reguladora do Consello de Contas de Galicia.

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade, respectivamente, para formalizar o presente protocolo, e por elo

EXPOÑEN



PRIMEIRO. A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, atribúe ao Consello de Contas novas competencias nesta materia e introduce modificacións na súa estrutura organizativa, á que se incorpora unha nova Sección para a Prevención da Corrupción cuxa presidencia corresponde ao conselleiro maior.

SEGUNDO. As novas competencias en materia de prevención da corrupción recollidas no artigo 5bis da precitada Lei e desenvolvida no capítulo IV –artigos 52 a 61– do Regulamento de réxime interior do Consello, aprobado por acordo da Comisión permanente non legislativa para as relacións co Consello de Contas do 23 de febreiro de 2017 (DOG nº46, do 7 de marzo de 2017), habilitan ao Consello para promover o establecemento en cada entidade pública de Galicia dun plan de prevención da corrupción, avaliar os sistemas de prevención que se poñan en marcha, asesorar sobre os instrumentos normativos máis axeitados para prever a corrupción e fomentar na sociedade civil e, particularmente no ámbito empresarial, a transparencia e o comportamento ético nas súas relacións.



Entre os obxectivos do Consello de Contas, a través da nova Sección de Prevención da Corrupción, tamén se atopa a promoción de instrumentos de colaboración cos órganos da Administración autonómica con competencias en materia de transparencia, así como con outros órganos representativos de diferentes entidades públicas, co obxecto de promover mecanismos de autorregulación na implantación, control e seguimento dos plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico e local de Galicia.

TERCEIRO. A Deputación Provincial de Ourense ten entre as súas competencias a de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, segundo o artigo 36.1 b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigo 109.1 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

Debido á necesidade de dar unha resposta institucional á crecente preocupación social pola corrupción, e co convencemento de que a transparencia na xestión é unha necesidade para reforzar a eficiencia das Administracións, facilitar a comunicación coa cidadanía e loitar contra a corrupción, a Deputación Provincial de Ourense, comprométese ao impulso efectivo de políticas de integridade e de prevención da corrupción como elementos estratéxicos para unha xestión pública responsable das corporacións locais galegas.

CUARTO. Tanto a Deputación Provincial de Ourense como o Consello de Contas están interesados en establecer vías de colaboración permanentes en materia de prevención da corrupción que, respectando o ámbito propio das atribucións de cada unha das institucións, e sen prexuízo das competencias de fiscalización do Consello de Contas, favorezan o cumprimento das finalidades previstas no presente protocolo, inspirándose nos principios de lealdade institucional e información recíproca.

QUINTO. As institucións asinantes son conscientes de que o fortalecemento da integridade no sector público local de Galicia e a observancia dos principios éticos e de bo goberno requiren dun plan específico de formación do persoal nos ámbitos da ética, a integridade pública e o control da corrupción.

SEXTO. Por acordo do 12 de marzo de 2019, o Pleno da Institución acordou a celebración do presente protocolo, de acordo co previsto no artigo 7, apartado 3, da letra l da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

Polo anteriormente exposto, as parte acordan a sinatura do seguinte protocolo de colaboración que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do protocolo

O presente protocolo ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente entre as institucións asinantes coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público local de Galicia.

SEGUNDA. Áreas de actuación

Co obxectivo de eliminar ou minimizar os riscos de corrupción no seo da estrutura orgánica das entidades integrantes do sector público local, establécense as seguintes áreas de actuación:

a) Promoción de políticas de integridade. As institucións asinantes comprométese a colaborar na propagación dunha cultura da transparencia e comportamento ético nos sectores público e privado así como na difusión de conceptos esenciais en materia de control interno, administración de riscos e fomento da integridade institucional.

b) Fomento de instrumentos de prevención de riscos de corrupción. Ambas institucións fomentarán que tódalas entidades que integran o sector público local establezan políticas de prevención de riscos de corrupción e contén cun plan estratéxico que oriente os esforzos das entidades cara a consecución dos seus obxectivos de xestión e ao cumprimento normativo, así como cun plan de prevención da corrupción que permita a identificación e valoración dos riscos asociados aos obxectivos anteriores, e o establecemento de medidas correctivas para o seu tratamento.

c) Avaliación dos sistemas de prevención. A Sección para a Prevención da Corrupción do Consello de Contas elaborará un diagnóstico do estado e situación dos sistemas de control interno e de prevención de riscos de corrupción da Deputación Provincial de Ourense de acordo coa metodoloxía e cuestionarios propostos polo Consello de Contas. As Deputación colaborará co Consello de Contas achegando tódolos medios e a información necesaria que requira a execución deste traballo.

d) A Sección de Prevención da Corrupción do Consello de Contas elaborará modelos tipo de plans de prevención, que estarán a disposición das entidades locais, e desenvolverá actuacións de acompañamento na implantación dos plans de prevención de riscos da corrupción.

e) Formación dos empregados públicos en materia de prevención da corrupción. As entidades asinantes establecerán unha canle de información mutua neste ámbito e, se é o caso, organizarán conxuntamente actividades formativas que permitan aos servidores públicos a adquisición de coñecementos nos ámbitos da ética, a integridade pública e o control da corrupción.

TERCEIRA. Comisión de seguimento e control

Para o seguimento da execución e do desenvolvemento do presente protocolo, créase unha comisión mixta, composta por dous representantes de cada unha das institucións asinantes. Corresponderá á



comisión de seguimento velar polo correcto cumprimento do protocolo, impulsando a realización de cantas actuacións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

A comisión reunirase cantas veces sexa preciso para a boa marcha da execución do protocolo, a petición de calquera das partes.

CUARTA. Alcance das actuacións

O disposto neste protocolo non suporá a renuncia nin limitacións a ningunha das potestades ou competencias de cada unha das partes.

QUINTA. Modificación do protocolo

O presente protocolo poderá modificarse por mutuo acordo das partes asinantes.

SEXTA. Gastos de execución do protocolo

A aplicación e execución deste protocolo de colaboración, incluíndose ao efecto todos os actos xurídicos que puideran ditarse na súa execución e desenvolvemento, non poderá supoñer obrigas económicas para ningunha das partes que o asina.

SÉTIMA. Vixencia do protocolo

O presente protocolo producirá efectos desde a súa firma e ten vixencia indefinida. O protocolo poderá ser denunciado por ámbalas dúas partes en calquera momento cun preaviso de seis meses, mediante comunicación escrita á outra parte, sen prexuízo de finalizar aquelas actuacións xa iniciadas e que, por razóns de interese público, se deban levar a cabo.

OITAVA. Protección de datos

O cumprimento das obrigas deste protocolo axustarase ás esixencias derivadas da normativa reguladora en materia de protección de datos de carácter persoal no que corresponde á confidencialidade da información e dos resultados, aplicando as medidas de carácter técnico, administrativo, informático e organizativo que resulten necesarias para cumprir cos requisitos legais e, en particular, garantindo a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perda, tratamentos ou accesos non autorizados.



NOVENA. Publicidade e transparencia

En cumprimento do establecido na normativa de aplicación, o Consello de Contas publicará o presente protocolo no Diario Oficial de Galicia, e ambas partes farán a difusión que corresponda nas súas respectivas sedes electrónicas

E, en proba de conformidade, asínano por duplicado exemplar os intervinientes no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro maior
do Consello de Contas de Galicia

José Antonio Redondo López

O presidente
da Deputación Provincial de Ourense
O Vicepresidente Primeiro
(P.D. Decreto de 8 de marzo de 2019)

Rosendo Luís Fernández Fernández

